

MEDIDAS A ADOPTAR EN RELACIÓN COA PANDEMIA COVID-19, TRALO ESTADO DE ALARMA DECRETADO POLO GOBERNO

- Estas medidas serán aplicables durante 14 días naturais, dende o luns 16 de marzo inclusive.
- O centro educativo permanecerá aberto para a prestación dos servizos básicos de información e atención **non presencial** da comunidade educativa, en horario de 9:00 a 13:00 h.
- A comunicación co centro levarase a cabo telefónicamente e por correo electrónico, **nunca de maneira presencial**.
- O profesorado permanecerá nos seus domicilios programando e supervisando as actividades online.
- A comunicación das familias e alumnos co profesorado levarase a cabo só mediante os correos electrónicos corporativos @casadelavirgen.es.
- O profesorado programará nos blogs de aula, comunidades Google +, Google Classroom e correos electrónicos de familias e alumnos, actividades xenéricas relacionadas cos contidos curriculares para que o seu alumnado as poida realizar no seu domicilio.
- Seguindo as instrucións da Xunta de Galicia, amplíase provisionalmente o prazo de presentación telemática e presencial de solicitudes de admisión que finalizará unha semana despois do reinicio das clases. Recoméndase a utilización preferente da modalidade telemática para a presentación das solicitudes.
- O prazo de presentación da inscrición nos exames Cambridge, que se realizarán no noso centro o sábado 16 de maio, remata o mércores 18 de marzo. Aquelas familias interesadas deberán solicitar o documento de inscrición no cpr.casadelavirgen@edu.xunta.es. No caso de persistir a pandemia en maio, terán dereito á devolución total da taxa pagada, ou a presentación noutras datas.

Cangas a 15 de marzo de 2020

O EQUIPO DIRECTIVO